

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

ORDE do 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, contempla a explotación dos recursos específicos, que se definen como aquelas especies marisqueiras que polas súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou polas especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda estas particularidades.

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a explotación dos recursos específicos realizarase a través de plans de xestión aprobados pola consellería competente en materia de marisqueo.

A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o réxime necesario para que a explotación marisqueira destes recursos se realice durante todo o ano coas garantías dunha boa xestión do recurso.

Os plans de xestión son a ferramenta para unha explotación sostible e conservación dos recursos mariños que integran aspectos biolóxicos, sociais e económicos. A través dos plans desenvólvese o sistema de coxestión dos recursos marisqueiros entre a administración e o sector.

As entidades asociativas presentan a súa proposta de plans de xestión, na que adquiren importancia non só ás medidas técnicas para unha explotación sostible, senón tamén as actividades de semicultivo, control e vixilancia, elementos fundamentais para a mellora das zonas produtivas. A administración avalía o réxime de xestión da explotación dos recursos tendo en conta as variables biolóxicas e o estado dos stocks, así como as variables socioeconómicas da xestión e, se procede, introduce as melloras necesarias, co fin de asegurar unha explotación sostible e acadar unha maior rendibilidade económica.

Ademais da xestión sostible, a través dos plans de xestión realízanse actividades complementarias que contribúen á conservación e recuperación de hábitats e da diversidade, e que permiten garantir a viabilidade económica, social e ambiental do sector.



Os plans de xestión son o resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e do hábitat. Moitos dos traballos realizados para a elaboración e desenvolvemento dos plans de xestión achegan información que pode ser encadrada nos descritores e indicadores definidos pola Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña (DMEM) como criterios para definir o bo estado medioambiental.

Os plans de xestión incorporarán información estandarizada que pode encadrarse nos descritores 1, 2, 3, 6 e 10 da DMEM. Os resultados da información ambiental do plan de xestión recollida ao longo de toda a costa galega para ser tratada como descritora do estado dos recursos mariños e do medio mariño, confírenlle un gran potencial debido á súa extensión no espazo e á súa continuidade no tempo.

O marisqueo, exercido a través dos plans de xestión, axústase a unha perspectiva sistémica axeitada, na medida en que mellora a biodiversidade, fomenta o uso axeitado do territorio, pode contribuír a minorar ou adaptarse ao cambio climático, e se axusta ao concepto de infraestrutura verde (azul no caso de medios acuáticos). O marisqueo, a través dos plans de xestión, responde ao concepto de infraestrutura verde na medida en que favorece ou mantén os servizos ecosistémicos, aplica a restauración ecolóxica, e mellora a conectividade.

A partires do ano 2018, os plans de xestión contemplan información estandarizada da perspectiva sistémica dos plans de xestión, no marco conceptual dos catro compoñentes da perspectiva sistémica: biodiversidade, uso do territorio, cambio climático e infraestrutura verde.

Polo tanto, examinados os plans de xestión remitidos polas entidades, vistos os informes emitidos polo persoal técnico desta consellería, e de conformidade coa disposto na Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar os plans de xestión para recursos específicos para o ano 2019 que foron elaborados polas entidades asociativas do sector.

Artigo 2. *Percebe (Pollicipes pollicipes)*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019 para a extracción de percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A.



Artigo 3. Solénidos (navalla/longueirón/longueirón vello)

1. Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019, para a extracción de solénidos presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro B.

2. Cando a extracción da navalla/longueirón/longueirón vello se vaia realizar con mergullo con subministro de aire desde superficie, será necesario que as entidades titulares dos plans presenten con cada solicitude de apertura mensual, un plan de control que permita avaliar os medios e medidas empregadas para garantir o control do esforzo pesqueiro en cada momento e poñerlle límite, de ser o caso.

A autorización de apertura mensual queda supeditada á adecuación e efectividade das medidas de control propostas.

Artigo 4. Equinodermos

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019, para a extracción de equinodermos, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro C.

Artigo 5. Peneira

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019, para a extracción de peneira, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro D.

Artigo 6. Algas

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019, para a extracción de algas, presentados polas entidades asociativas do sector e empresas, que se relacionan no cadro E.

Artigo 7. Anemones

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019, para a extracción de anemones presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro F.

Artigo 8. Poliquetos

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2019, para a extracción de poliquetos presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro G.



Disposición adicional primeira. *Zonas de traballo dos sectores de a pé e desde embarcación*

Se non existe acordo de reparto da zona de traballo entre os sectores de marisqueo a pé e desde embarcación, as zonas dos dous sectores quedarán delimitadas pola liña que une os puntos de cota mareal cero, correspondente coa liña da baixamar máxima escorada.

Disposición adicional segunda. *Tope de captura para o gabián (Lumbrineris impatiens)*

Cando os topes de captura para o gabián (*Lumbrineris impatiens*) se establezan mediante unha medida volumétrica empregando un vaso graduado, as persoas participantes do plan empregarán o mesmo tipo de medida.

Disposición adicional terceira. *O emprego do mergullo nos plans de xestión*

Segundo a Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001, a aprobación dos plans con arte ou modalidade mergullo implica a autorización para realizar o mergullo nas zonas e períodos de vixencia daqueles, segundo as resolucións de apertura que sexan ditadas pola xefatura territorial, sen prexuízo da correspondente aprobación para efectos de seguranza, outorgada pola autoridade marítima correspondente, de acordo co establecido na Orde do 14 de outubro de 1997, do Ministerio de Fomento, que establece as normas de seguranza para o exercicio de actividades subacuáticas ou requisitos que estableza a normativa vixente.

Disposición adicional cuarta. *Zonas de extracción de poliquetos por titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie*

Dentro do ámbito dos plans de xestión de poliquetos marisqueira poden contemplarse zonas para que as persoas titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie podan capturar un máximo de 50 poliquetos/día, sen interferir coa actividade extractiva.

Na páxina web <https://www.pescadegalicia.gal/gl/poliquetos> publicaranse as zonas que as entidades asociativas do sector titulares de plans de xestión, de ser o caso, reservarán para a extracción de poliquetos para pesca marítima de recreo en superficie.



Disposición adicional quinta. *Actividades de semicultivo e control dos bancos marisqueiros*

De acordo co artigo 2.3 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, o traslado de semente, a limpeza dos bancos, así como as actividades de semicultivo necesarias para a mellora da produción, requiriran autorización e poderán levarse a cabo durante todo o ano.

De acordo co artigo 2.4 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, os traballos ou actividades de coidado, control seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, realizados polas mariscadoras e mariscadores no marco destes plans de xestión poderán desenvolverse todos os días do ano.

Disposición adicional sexta. *Planes de xestión de recursos específicos para o 2020*

As persoas interesadas en desenvolver un plan de xestión de recursos específicos no 2020 deberán achegar coa solicitude, un plan de xestión para ese ano, para o cal empregase o modelo que se pode consultar na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl/content/plans-de-xestion-e-biodiversidade>).

Disposición derradeira primeira. *Consulta dos plans de xestión*

Os plans de xestión presentados polas entidades que serviron de base para esta Orde estarán dispoñibles nos servizos centrais, xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Mar, así como na sede das entidades responsables destes.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de marisqueo para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da xestión dos recursos e na procura dunha explotación sostible destes, adopte as medidas de xestión necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polo persoal técnico.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Mar



**Cadro A: plans de xestión de percebe (*Pollicipes pollicipes*)**

Provincia de Lugo

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. San Cosme	A pé	De punta Promontorio a punta Nois	20	Marzo, xuño, xullo, agosto e decembro	Saída de punta Promontorio e praia de Rapadoira
C.P. Burela	Embarc	Ambito territorial da confraría: de punta Rueta a punta Nois	50	De maio a decembro	Aparcamento de cabo Burela, aparcamento da praia de Ril, aparcamento da praia de Marosa, punta do Castro e lonxa de Burela.
C.P. Celeiro	Embarc	Da ermida de San Tirso a punta Cabalo, incluíndo os illotes Os Netos e illa Gabeira	70	Abril, de xuño a setembro e decembro	Lonxa de Celeiro e peirao de Portocelo
C.P. O Vicedo	Embarc	Desde a marxe esquerda do río Escourido á marxe dereita do río Sor e illa Coelleira	80	De abril a setembro e decembro	Lonxa do Vicedo
C.P. Ribadeo	A pé	De punta Promontorio ás Carallas	80	De marzo a outubro e decembro	Punta Corbeira, A Insua, Os Gallifios e O Cerredo
C:P.San Cibrao	A pé Embarc	De ermida de San Tirso a punta Rueta (incluíndo as Illas de Cal, Ansarón e Farallóns)	100	De febreiro a abril e xuño a decembro	Portos de Morás e Portocelo e local da antiga lonxa de San Cibrao

Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña, Mera, Lorbé e Sada e Ares (plan conxunto)	A pé Embarc	Ambito territorial das confrarías da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares	144	De xaneiro a decembro	Porto de Suevos, Casa dos Peixes, dársena de Oza e San Amaro
C.P. Aguiño	A pé Embarc	Desde punta Castro ata a desembocadura do río Sieira, illas e illotes adxacentes	180	De xaneiro a decembro	Lanchas de vixilancia e Zonas de traballo, Peiraos de Aguiño, Couso, faro de Corrubedo, Balieiros e Furnas.



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Caión	A pé Embarc	De punta Alba a Pedra do Sal	160	De xaneiro a decembro	Lonxa de Caión, A Cercada, campo de fútbol, A Guieira
C.P. Camariñas	Embarc	De punta Gallada a punta Villueira	160	De xaneiro a decembro	Arnela e lonxa de Camariñas
C.P. Camelle	Embarc	De punta Morelo a punta Gallada, incluíndo illas e illotes fronte á costa	150	De xaneiro a decembro	Porto de Ríos, cemiterio dos ingleses, canle de Cabanas, praia de Lobeiras, porto de Camelle e Arnado
C.P. Cariño	Embarc	De Pedra Barcelona ata a desembocadura do río Mera	132	De xaneiro a decembro	Local da lonxa de Cariño
C.P. Cedeira	Embarc	Do faro da punta da Frouxeira ata Pedra Barcelona	200	De xaneiro a decembro	Lonxa de Cedeira
C.P. Corme	A pé Embarc	Da enseada do río Anllóns á punta Nariga	160	De xaneiro a decembro	Zona A: camiño do Canteiro, praia de Balarés e praia da Ermida, zona B: merendeiro e cruce da Atalaia; zona C: aldea do Roncudo e mirador do Roncudo; zona D: aldea do Roncudo, os Eolos e a Fontenla; zona E: praia da Barda, Santa Mariña, e punta Nariga; porto de Corme e praia de Barda para as embarcacións
C.P. Espasante	Embarc	De illa San Vicente ata punta Billardeira	172	De xaneiro a abril e de xuño a decembro	Peirao de Espasante, O Tallo, Cadaval e Furnas
C.P. Ferrol	A pé Embarc	De faro de punta Frouxeira ata a Faisca	173	De xaneiro a decembro	Lonxa de Ferrol, punta Penencia, punta dos Castros, A Cova e Praia dos Botes-Meirás
C.P. Fisterra	A pé Embarc	Da praia de Nemiña ata cabo Fisterra, illas Lobeiras e Carrumeiros	A pé: 160 Emb: 180	De xaneiro a decembro	A pé: Zona A: cabo Fisterra; zona B: alto da Nave; zona C: praia da Arnela Embarcación: pantalan do peirao de Fisterra
C.P. Laxe	A pé Embarc	De punta Morelo a punta Padrón	90	De xaneiro a abril, de xullo a outubro e decembro	Zona de extracción, rampa do porto de Laxe e lonxa de Laxe
C.P. Lira	A pé	De punta Insua ata a desembocadura do río Larada	40	De xaneiro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Lira	Embarc	De punta Insua ata a desembocadura do río Larada	82	De xaneiro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Malpica	A pé Embarc	De punta Nariga a Pedra do Sal, incluíndo illas Sisargas, baixos de Baldaio e demais illas e illotes fronte á costa en tres millas.	170	De xaneiro a decembro	Lancha de vixilancia, porto de Barizo e lonxa de Malpica.



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Muros	A pé	De punta Insua a punta Uhía	55	De xaneiro a decembro	Peirao e lonxa de Muros
C.P. Muxía	A pé Embarc	De punta Piaduro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes)	155	De xaneiro a decembro	A pé: Zona A: saída da pista de Moreira Zona B: campo de Carlos Zona C: A Barca, Langosteira, explanada da cetaria de Merexo Embarcacións: rampla grande do porto de Muxía
C.P. O Barqueiro-Bares	Embarc	De punta Villardeira a punta da Barra	144	Xaneiro e de marzo a decembro	Peiraos do Barqueiro e de Bares, o Ventoeiro
C.P. O Pindo	A pé	Da desembocadura do río Xallas á desembocadura do río Larada e pedras adxacentes	40	De xaneiro a decembro	Portiño de Quilmas, Insuela e punta Caldebarcos
C.P. Porto do Son	A pé Embarc	De río Sieira a punta Cabeiro, Illa Filgueira, illotes Os Bruyos, Leixoes e Pedra do Con	152	De xaneiro a decembro	Zonas 1 e 2: furna de Laxe, Zona 3: punta Castro, Zona 4 : punta Sagrada Zonas 5 e 6: peirao pesqueiro de Porto do Son
C.P. Ribeira	Embarc	Lobeiras grandes e pequena, Pedras Carbancelos, As Pías de Castiñeiras, Illas e Illotes Laxas, Airós, Illote de Rúa, Illotes Corveiro e Guidoiro Pedregoso	30	De xaneiro a decembro	Embarcación de vixilancia da confraría nas zonas de extracción e lonxa de Ribeira

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	140	De xaneiro a decembro	Zona A: Capela de San Sebastián, Horizonte (en caso de mal tempo) e lonxa da Guarda Zona B e zona C: Horizonte e lonxa da Guarda.
C.P. A Guarda	Embarc	De punta Orelludas a punta dos Picos	100	De xaneiro a decembro	Peirao de Oia e peirao de A Guarda: zonas A e B Peirao do porto da Guarda: zonas A,B,C, D
C.P. Aldán-Hio	A pé	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	25	De xaneiro a decembro	Lonxa de Aldán, punta Couso e Lagoelas



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Baiona	A pé	Zonas a pé de punta Orelludas a Punta do Boi	150	De xaneiro a decembro	Lonxa de Baiona, Salgueira, porto do Castro e Pedra Rubia
C.P. Baiona	Embarc	Zonas a flote de punta Orelludas a Monteferro (punta Lameda) incluído Lourido	150	De xaneiro a decembro	Embarcación da confraría e lonxa de Baiona
C.P. Baiona	A pé Embarc	Entre Monteferro e escaleiras da praia de Barcelos	A pé: 25 Emb: 50	De xaneiro a decembro	Zona I: Salgueira; zona II: porto do Castro; zona III: Pedra Rubia, e zonas de extracción
C.P. Bueu	Embarc	De punta Lapamán a punta Morcegos. Illas Ons e Onza	160	De xaneiro a decembro	Area 1-N (Xubenco norte): cova da Vella e arredor do Centolo (segundo vento/mar); Area 2 (Fedorentos): enseadas de Fedorentos, Cova do Inferno, punta Freitoxa e enseada de Caniveliñas Area 3 (Onza): praia sur de Onza, praia norte de Onza, zona oeste de Onza e zona leste de Onza; Area 4-N (Liñeiros norte): Estripeiral, Lapeiras; Area 4-C (Liñeiros centro): Lapeiras, Con Grande; Area 4-S (Liñeiros sur): A Regata Area 5 (leste de Ons): Fedorentos, praia, Conlio, peirao de Ons, paria de Melide Area 6(Udra): praia de Lagos, Udra/Ancoradoiro, Udra/Mourisca, Robaleira
C.P. Cangas	Embarc	De punta Couso a punta Canaval e illas Cíes	150	De xaneiro a decembro	Zona de traballo e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	A pé Embarc	De punta Area Grande a punta Faxilda	80	De xaneiro a decembro, cunha veda no mes de setembro e do 15 de outubro ao 30 de novembro.	Zona de extracción e lonxa de O Grove
C.P. Vigo	A pé	De puntal da Serra a punta Cubilló	40	De xaneiro a decembro	Zona de traballo e lonxas de Canido e Vigo

(1) Entidade:	
Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as
C.P.	Confraría de pescadores/as



**Cadro B: plans de xestión de solénidos
(Navalla, longueirón e longueirón vello)
(*Ensis magnus*, *Ensis siliqua*; *Solen marginatus*)**

Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña	N, Lon	MA MSAS	Ría da Coruña: desde o banco de O Parrote a punta Bufadoiro	60	De xaneiro a decembro	As Xubias
C.P. A Pobra do Caramiñal	N	MA MSAS	De punta Galduario a punta Corna, arrecife de Aroña e de punta Galduario a punta Peralto	160	De xaneiro a decembro	Zona de extracción
C.P. Aguiño	N, Lon	MA	Zonas de autorización	160	De xaneiro a decembro	Zona de extracción, peiraos de Aguiño, Ribeira e O Castro.
C.P: Aguiño e Ribeira (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	Praia da Ladeira e zonas de libre marisqueo adxacentes ao ámbito dos plans das autorizacións das dúas confrarías	55	De abril a setembro	Zonas de traballo, rampla anexa á lonxa de Aguiño, porto de Ribeira e porto de Corrubedo.
C.P. Cabo de Cruz	N	MA MSAS	De punta Peralto ata punta Pedra Rubia	70	De abril a setembro e decembro	Embarcación de vixilancia na zona de traballo
C.P. Camariñas e Muxía (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	De punta Sandía á desembocadura do río Lago (praias de Lago e de Barreira e infralitoral entre a praia de Barreira e punta Sandía), Enseada de Merexo (praias de Area Maior, Loureiro e de Borreiros), praia da Cruz, por fóra da praia de Mozogondón, centro da ría que se estende ata a zona fronte á praia de Barreira e desembocadura do río Grande de ponte do Porto	114	De xaneiro a decembro	Zona de extracción e lonxas de Camariñas e Muxía.
C.P. Cedeira	Lon	MSAS	Praia Magdalena, Area Miña Señora e punta Robaleira	30	De maio a setembro, novembro e decembro	Embarcación da vixilancia nas zonas de traballo e lonxa de Cedeira
C.P. Fisterra, Corcubión e Lira (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	Zona V: de cabo Touriñán a punta Insua	235 Praia de Carnota: 60	De xaneiro a decembro	Para a praia de Carnota: lonxa de Lira. Para o resto das zonas: nas zonas de extracción e lonxas de Lira, Fisterra e Corcubión



Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Laxe e Corme (plan conxunto)	N, Lon,	MA MSAS	Praia de Laxe, praia da Hermida, praia de Osmo, banco Riocobo e praia de Rebordelo. De Alto da Facha a punta Cantero e do Alto da Facha a punta Mendiña	75	De abril a setembro	Zona de extracción, lonxas de Corme e Laxe
C.P. Muros	N, Lon	MA MSAS	De punta Insua a punta Uhía	251	De xaneiro a decembro	Embarcación de vixilancia nas zonas de traballo e lonxas de Muros e Esteiro.
C.P. Noia	N, Lon, LonV	MA MSAS	Na costa norte, desde punta Uhía ata porto Siavo, incluíndo a cara interna da illa da Creba e exceptuando a zona portuaria, a zona dos asteiros e a canle de navegación. Na costa sur, desde punta Batuda ata punta Redondelo.	140	De xaneiro a decembro	Na zona de extracción
C.P. Palmeira	N, Lon	MA	Punta Aguiñcho, illote de Grades e punta da Corna	150	De xaneiro a decembro	Nave da confraría no porto de Palmeira
C.P. Porto do Son e Portosín, (plan conxunto)	N, Lon, LonV	MA MSAS	De punta Batuda a río Sieira	150	De xaneiro a decembro	Lonxas de Porto do Son e Portosín. Rampla de descarga no peirao de Porto do Son e Pantalán da terceira lista no peirao de Portosín. Embarcacións participantes nas zonas de traballo cando se traballe con subministración de aire desde superficie
C.P. Ribeira	N, Lon	MA	Zonas de autorización: bancos de Coroso-Río Grande-Río Azor, Insua-Airó e Castiñeiras	130	De marzo a decembro	Zona de extracción (Coroso, Touro) e lonxa de Ribeira

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Illa de Arousa	N, LonV	MA MSAS	Desde Sapeiras de Terra ata punta Quilme, Areoso, Camallón, Roncadeiras, punta Testos, punta Niño do Corvo, Area Secada e punta Cabalo	230	De xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos entre febreiro e xuño, en función estado gonadal para a navalla e dun mes para o longueirón vello entre abril e xuño	Concarrado, Arnela, Roncadeiras, Areoso, O Bao e lonxa da Illa de Arousa



Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Aldán-Hío	N, Lon	MA MSAS	De punta Alada a punta Morcegos cara ao interior da ría	208	De xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos para cada especie en función do índice de condición gonadal	Area Brava, punta Ameixide, Vilariño, Pena Rubia, Mendiña e Laxe do Aire mediante embarcación e lonxa de Aldán
C.P. Baiona	N, Lon	MA MSAS	De puntal da Serra a punta do Boi	90	De xaneiro a decembro, cunha veda para a navalla de dous meses e vinte días consecutivos entre xaneiro e marzo, e para o longueirón nos meses de maio e xuño	Zona de traballo pola embarcacións e lonxa de Baiona
C.P. Bueu, Lourizán, Marín, Pontevedra, Portonovo, Raxó, Sanxenxo (plan conxunto)	N, Lon, LonV	MA MSAS	De punta Faxilda a punta Morcegos, illas Ons e Onza	N: 230 L: 20	N: de xaneiro a decembro, con rotación de bancos e cunha veda dun mes segundo o estado gonadal. L: Mes de veda da navalla	Zona de traballo mediante embarcación
C.P. Cambados	N, LonV	MA MSAS	Do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arnela-Galiñeiro, Tragove, Tereixiñas e As Lobeiras	132	De maio a outubro	Embarcación da confraría, batea de control e lonxa de Tragove
C.P. Cangas	N, Lon	MA MSAS	De punta Canabal a punta Couso e illas Cíes	240	De xaneiro a decembro con rotación de bancos para a navalla	Embarcación na zona de produción, porto de atraque e lonxa de Cangas
C.P. Moaña e Cíes Artesanais, S. Coop. Galega (plan conxunto)	N	MA MSAS	De Rande a petóns de Canabal (excluíndo a zona que vai desde Rande ata punta Travesada)	190	De xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos entre xaneiro e maio	Zona de traballo
C.P. Moaña. Cíes Artesanais, SCG, C.P. Redondela e Vilaboa (plan conxunto)	N	MA MSAS	Desde Rande a punta Travesada	20	Xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos entre xaneiro e maio	Zona de traballo e lonxas de Vilaboa, Redondela e Moaña





Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. O Grove	N, Lon	MSAS	Enseada da Lanzada (praia da Lanzada, praia de Area da Cruz e Raeiros), praia da Mexilloeira, praia Area Grande, Carreiro-Barcelas, praia Area das Pipas, praia Area de Reboredo, Lombo de Rons-Migalliñás, Lombo das Sinas, enseada do Grove	227	Navalla: de febreiro a decembro, Longueirón: de maio a outubro	Embarcación de vixilancia, peiraos de Meloxo, San Vicente, A Toxa e do Grove e lonxa do Grove
C.P. Vigo	N, Lon, LonV	MA MSAS	De puntal da Serra á ponte de Rande	N: 205 L: 55	Navalla: de xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses entre febreiro e abril. Longueirón: de xaneiro a decembro, cunha veda de 2 meses en maio e xuño	Zona de traballo, pantalán de punta Lagoa e lonxas de Canido e Vigo
C.P. Vilanova	N, LonV	MA	Entre o peirao de Corón e O Ariño	247	De xaneiro a decembro, cunha veda de 2 meses para a navalla e de 1 ou 2 meses para o longueirón vello en función do índice de condición gonadal	Zona de traballo e lonxa de Vilanova

(1) Entidade		(2) Especies			
Abreviatura			Abreviatura	Nome comercial	Nome científico
A.M	Asociación de mariscadores/as		N	Navalla	<i>Ensis magnus</i>
C.P.	Confraría de pescadores/as		Lon	Longueirón	<i>Ensis siliqua</i>
			LonV	Longueirón vello	<i>Solen marginatus</i>
(3) Modalidade					
Abreviatura					
MA	Mergullo en apnea				
MSAS	Mergullo con subministro de aire desde superficie				



Cadro C: plans de xestión de equinodermos

Provincia de Lugo

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. Aresmar	MSAS	Punta Socastro, Illa Gabeira, Portonovo, Illotes Farallóns, Illa Anzuela, punta Castro, punta das cabras, punta Nois, punta Fazouro, Os Xuncos, illa Corbeiras, Os Placeos, punta Piñeira, punta Niño do Corvo, illa Pancha, O Mirador	60	De xaneiro a abril , novembro e decembro	Zonas de traballo e lonxas de Ribadeo, Burela e Celeiro
C.P. Celeiro	A pé	Desde a ermida de San Tirso a punta do Cabalo, agás a zona de Muíñelos	10	De xaneiro a abril e decembro	Saídas dos bancos do Rego e Arnela
C.P. Ribadeo e A.M. San Cosme (plan conxunto)	A pé	De punta Nois ata As Carrallas	45	De xaneiro a abril	Punta Corbeira, Os Galliños e porto de Nois
C.P. San Cibrao e Burela (plan conxunto)	A pé	De ermida de San Tirso a punta Rueta, agás a cetaria de San Cibrao	45	De xaneiro a abril	Portos de Morás e Portocelo
C.P. San Cibrao e Burela, Ribadeo e A.M. San Cosme (plan conxunto)	A pé	De punta Rueta ata punta Nois, agas a zona de Calvella	10	De xaneiro a abril	Zona de traballo e lonxa de Burela

Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña e Barallobre (plan conxunto)	MSAS	De punta Langosteira a punta Segaña	50	De xaneiro a abril e decembro	Lonxa de Coruña e portos de Ares e Oza
C.P. Aguiño e Ribeira (plan conxunto)	MA MSAS Bicheiro	Illas de Sálvora, costa e illotes adxacentes, agás determinadas zonas. De punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo illotes adxacentes (Falcoeiro, Basoñas e outros)	40	De febreiro a abril e decembro	Peirao de Aguiño (rampla anexa á nave de clasificación de percebe), peirao de Ribeira (bocana da dársena portuaria), lancha de vixilancia nas zonas de traballo. Peirao de Corrubedo en circunstancias xustificadas



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Cedeira	MSAS	Cedeira: Punta da Frouxeira (Leste) Cariño: CL-82	10	De xaneiro a abril e decembro	Zonas de traballo e lonxa de Cedeira
C.P. Espasante	A pé	De illa San Vicente ata punta Vilardeira	3	De xaneiro a abril	Peirao de Espasante e lonxa de Ortigueira
C.P. Ferrol	MSAS	De faro de punta Frouxeira ata a ponte da Faísca	50	De xaneiro a abril, novembro e decembro	Peirao de Ferrol
C.P. Lira	A pé	De punta Insua á desembocadura do río Larada	35	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Lira, Fisterra e Corcubión (plan conxunto)	MA MSAS	Zona V: de cabo Touriñán a punta Insua	70 Ámbito da reserva: 50	De xaneiro a abril Novembro e decembro	Lonxas de Lira, Fisterra e Corcubión Ámbito da reserva: Lonxa de Lira
C.P. Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía (plan conxunto)	MSAS	Zona VI: de cabo Touriñán a punta Langosteira	55	De xaneiro a abril e decembro	Ramplas das lonxas de Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía
C.P. Muros	MSAS	Desde punta Insua a punta Uhía	30	De xaneiro a abril	Lonxas e peiraos de Muros e Esteiro
C.P. Porto do Son	MSAS	Desde Punta Cabeiro ata río Sieira	25	De xaneiro a abril	Peirao de Porto do Son na rampla fronte á lonxa
C.P. O Pindo	A pé	Desde o río Xallas ata o río Larada	20	De xaneiro a abril, novembro e decembro	Porto de Quilmas, Portiño, Illa da Curra, Insuela e Pozo das centolas

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	45	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Porto de Oia, Horizonte, lonxa da Guarda e A Grelo
C.P. A Guarda	MSAS	De punta Orelludas a punta dos Picos (zona marítima)	80	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Peiraos da Guarda e de Santa María de Oia



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Aldán	MA MSAS	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	Ourizo: 25 Holoturia: 13	De xaneiro a marzo De outubro a decembro	Embarcación de vixilancia. Punta Alada e Punta Niño do Corvo. Lonxa de Aldán
C.P. Baiona	A pé MSAS	De punta Orelluda a praia da Abra (excluída), incluíndo as illas Estelas	A pé: 60 MSAS: 120	De xaneiro a abril e de outubro a decembro	Zonas de traballo e lonxa de Baiona
C.P. Bueu, Portonovo e Sanxenxo (plan conxunto)	MSAS	De punta Faxilda a punta Centolo, de punta Galera a punta Couso, de punta Couso a punta Morcegos e illas Ons e Onza	100	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Lonxas de Bueu e de Portonovo
C.P. Cangas	MA MSAS	Entre punta Canabal e punta Couso, illas Cíes	125	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Zona de extracción e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	MSAS	De punta Faxilda (agás A Lanzada) a punta Moreiras, de praia de Con Roibo a peirao do Grove, Pedras Sálvores, Baixos dos Mezos e dos Esqueiros	Ourizo: 65 Holoturia 50	De xaneiro a xuño, novembro e decembro	Porto de San Vicente, do porto de Meloxo, lonxa do Grove e embarcación de vixilancia
C.P. Vigo	MA MSAS	De Rande á praia de Abra (esta última excluída)	83	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Zona de traballo, lonxas de Canido e Vigo

(1)Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores/as	MSAS	Mergullo con subministración de aire desde superficie



Cadro D: plans de xestión de peneira (*Haliotis tuberculata*)

Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Fisterra, Corcubión e Lira (plan conxunto)	MA MSAS	De cabo Touriñán a punta Insua, excepto a zona incluída na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos	40	Xaneiro a marzo e de outubro a novembro	Lonxas de Lira, Fisterra e Corcubión, pantalán e rampa S do porto de Fisterra, rampa do porto de Corcubión e rampa N do porto de Lira

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Aldán-Hío	MA MSAS	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	60	De xaneiro a maio e de outubro a decembro	Na embarcación de vixilancia: punta Alada e punta Niño do Corvo. Lonxa de Aldán
C.P. Cangas	MA MSAS	Zona sublitoral rochosa entre punta Canabal e punta Couso, incluíndo illas Cíes (agás de cabo Bicos a punta Cabaliños)	50	De xaneiro a xullo, De outubro a decembro	Zona de traballo e rampa da lonxa de Cangas

(1)Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Cofradía de pescadores/as	MSAS	Mergullo con subministro de aire desde superficie



Cadro E: plans de xestión de algas

Litoral da Comunidade Autónoma Galega

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
Algamar, SL	A pé	De Rinlo a O Barqueiro, de punta Insua a punta Uhia, de Aguiño a punta do Chazo (Cabo de Cruz), de Moaña a Cabo Home (agás de praia Canabal a punta Couso), de Cabo Silleiro a A Guarda.	180	De xaneiro a outubro e decembro	Zonas de extracción e instalacións da empresa
Ceamsa, SL	A pé	De Ribadeo a Viveiro, de O Pindo a Ribeira, de Corme a Muxia, de Espasante a Ferrol, O Grove, Bueu, de Monteferro a A Guarda	96	De marzo a outubro	Zonas de extracción e instalacións da empresa
Conservas Mar de Ardora, S.L	A pé	De cabo Corrubedo a punta Lens (agás de punta Insua a punta Uhía), de punta Lens a cabo Touriñán (agás de punta Arnela á desembocadura do río Xallas e ámbito da Remip Os Miñarzos). De cabo Touriñán a punta Queimada (agás de punta Xanleira ata punta Gallada), de punta Lapachán a punta Torella, de punta Torella a punta Frouxeira, de punta Frouxeira a punta Fuciño do Porco (agás ámbito da Remip Ría de Cedeira) e de punta Fuciño do Porco a punta de Penas Brancas	100	De xaneiro a decembro	Zonas de extracción e instalacións da empresa
Porto-Muiños S.L	A pé	De punta Penas Brancas (Ribadeo) a Cabo San Cibrao, de punta Roncadoira (Xove) a punta Camero (Vicedo), Ría de Ortigueira, De punta Ardillosa (Cedeira) a cabo Prioriño Grande (Ferrol), Ría de Ferrol e Ares-Betanzos, Ría da Coruña, de punta San Pedro (A Coruña) a punta Insua (Caión) , de Punta Nariga (Malpica) a cabo San Adrián (Malpica), de punta Roncudo a punta Laxe, de punta Laxe (Laxe) a cabo Vilán, Ría de Camariñas, de punta da Barca (Muxia) a Cabo Touriñán , De Cabo Fisterra a punta Lens (Muros), de punta Lens a punta Uhia, de punta Sagrada(Porto do Son) a Punta Couso (Aguiño), de punta Couso a punta Bodión, de punta Quintáns (Bamio) a Punta das Sinas (Vilagarcía), Illa de Arousa, de Punta Agueira (O Grove) a punta Pereiró (Vilalonga), de Punta Río Seco (Domaio) a punta Moa (Marín), de punta do Boi (Baiona) a Punta dos Picos (A Guarda)	180	De xaneiro a decembro	Zonas de extracción e instalacións da empresa



Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
M ^a Carmen Sanchez Sanchez	A pé	Intermareal de punta Uhía a punta Remedios	100	De marzo a setembro	Punta Uhía, Esteiro, porto de Esteiro, Raimúndez e Cabanas
C.P. A Coruña	MA MSAS	De punta Langosteira a Cabo Prioriño	50	De febreiro a outubro	Dársena de Oza
C.P. Camelle	MA MSAS	De punta Morelo a punta Gallada	45	De maio a setembro	Peiraos de Camelle
C.P. Corcubión	A pé	Desde punta Arnela ata a desembocadura do río Xallas	36	De xaneiro a decembro	Lonxa de Corcubión
C. P. Ferrol	MA MSAS	De punta San Carlos ata a praia de Cariño	20	De febreiro a maio	Zonas de extracción e lonxa de Ferrol
C. P. Fisterra	MA MSAS	Desde a praia de Rostro a Punta Arnela	60	De febreiro a xullo	Porto de Sardifeiro, porto de Fisterra, lonxa de Fisterra
C.P. Muros	MA MSAS	Submareal rochoso entre punta Ínsua e punta Uhía.	40	De febreiro a outubro	Peirao do Esteiro, lonxa de Esteiro, rampla do Castillo e rampla dos bateiros (peirao de Muros) e lonxa de Muros
C.P O Pindo	A pé	Da desembocadura do río Xallas á desembocadura do río Larada e pedras da costa.	60	De maio a setembro	Porto de Quilmas, Insuela, Punta Caldebarcos

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
HQ Seaweed S.L.	A pé	De punta de Moreira a punta Con da Agueira; de praia da Concheira a punta Fornos	100	De xaneiro a decembro	Zonas de extracción
C.P. A Illa de Arousa	MSAS	De punta Salinas a punta Quilma, Areoso, Camallón, de punta Testos a punta Campelo e de punta Aguiúncho a punta Furado	90 +20	Ulva rígida: de febreiro a novembro. Resto de especies: De febreiro a setembro	Areoso, Concerrado, Arnela, Roncadeiras, O Bao e Lonxa da Illa





Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	32	De xaneiro a decembro	Lonxa da Guarda e peirao de Santa María de Oia
C.P. A Guarda	MA MSAS	De punta Orelludas a punta dos Picos (zona submareal)	60	De xaneiro a decembro	Lonxa da Guarda e peirao de Santa María de Oia
C.P. Aldán-Hío	MA MSAS	De punta Couso a punta Preguntoiro, cara ao interior da ría de Aldán.	50	De xaneiro a decembro	Lonxa de Aldán
C.P. Baiona	A pé MSAS	De punta Orelludas á praia de Abra (excluída)	60	De xaneiro a decembro	A pé: Salgueira, porto do Castro e Pedra Rubia A flote: Lonxa de Baiona, e embarcación vixilancia
C.P. Cambados	MSAS	O Galiñeiro, Meloxo e San Miguel-Tragove	135	De febreiro a outubro	Batea da cuadrícula 160 do polígono Cambados D e lonxa de Tragove
C.P. Cangas	A pé	De praia Masso a praia Areamilla	40	De xaneiro a decembro	Lonxa de Cangas
C.P. Cangas	MSAS	De praia Canabal a punta Couso	143	De xaneiro a setembro	Lonxa de Cangas.
C.P. O Grove	MSAS	De Cantareira a punta Carreiro, de punta Carreiro a Barrosa, de Barrosa a Raeiros e de Capilla a punta Faxilda.	60	De febreiro a xullo e de setembro a novembro	Lonxa o Grove, porto de San Vicente e porto de Meloxo
C.P. Vigo	MA MSAS A Pé	De punta de Lagoa a praia de Area Longa (excluída) e de punta Alcobre a praia de Abra (excluída)	40	De xaneiro a decembro	Zona de traballo, lonxas de Canido e Berbés
C.P. Vilanova	MA MSAS	Con de Portugal, Sinás de Fora, Con Pequeno e espigón de porto.	60	De febreiro a maio. Ulva rígida: tamén de xuño a outubro.	Pantalán de descarga e lonxa de Vilanova.

(1)Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores/as	MSAS	Mergullo con subministro de aire desde superficie

**Cadro F: plans de xestión de anemone (*Anemonia sulcata*)**

Provincia de Lugo

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. Aresmar	MSAS	O Vicedo: praia Fomento, praia Vidrieiro, Illote Xilloi Celeiro: Punta Fuciño do Porco, punta monxes, illote Queimada, O Cargadoiro San Cibrao: Os Farallóns, punta Furada, illa Anzuela	60	De xuño a setembro	Lonxas de Burela e Celeiro, peirao do Vicedo e peirao de Morás
A.M. San Cosme	A pé	De punta Promontorio a punta Nois	50	De xaneiro a febreiro e de maio a decembro	Punta Promontorio e porto de Nois
CP. Ribadeo	A pé	Xuncos	10	Xaneiro e febreiro, maio e xuño, de setembro a novembro	Zona de extracción
C.P. San Cibrao	A pé	Areosa	20	Outubro e novembro	Portos de Morá e Portocelo e local da antiga lonxa no porto de San Cibrao

Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña e Barallobre (plan conxunto)	MSAS	De punta Langosteira a punta Miranda	20	De mayo a diciembre	Lonxa da Coruña e porto de Ares
CP. Cedeira	MSAS	Punta Frouxeira (Leste) e punta Chirlateira	19	De xuño a decembro	Embarcacion de vixilancia, porto e lonxa de Cedeira
C.P. Ferrol	MSAS	De punta San Carlos a punta Frouxeira	63	De xuño a decembro	Peirao de Ferrol
C.P. Palmeira	MA	A Insuela	20	Xaneiro e de outubro a decembro	Nave da confraría



Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelluda a Punta dos Picos	60	Xaneiro a febreiro e de xuño a decembro	Porto de Oia, Horizonte e lonxa de A Guarda
C.P. Aldán	MA MSAS	De punta Couso a Punta Niño Corvo cara ao interior da ría de Aldán	75	Xaneiro a marzo e de xuño a decembro	Lancha de vixilancia e lonxa de Aldán.
C.P. A Illa de Arousa	MA MSAS	De Sapeiras de Terra ata punta Salinas, punta Testos, punta Niño do Corvo, Area Secada e punta Cabalo	44	Xaneiro, febreiro e de xuño a decembro	Areoso, Roncadoiras, Arnela, Concerrado, Bao e lonxa da Illa de Arousa,
C.P. Baiona	A pé MA MSAS	De punta Orelluda a punta Santa Marta; desde a desembocadura do río Miñor ata a praia de Portocelo.	30 a pé 45 M	De maio a decembro	Zona de traballo e lonxa de Baiona
C.P. Cangas	MA MSAS	De punta Balea ao extremo leste da praia de Liméns (incluíndo o faro da Borneira e Illote Corbeiro); do extremo oeste da praia de Liméns ao extremo leste da praia de Barra; do extremo oeste da praia de Barra ata punta Robaleira; de punta Balea a punta Rodeira	135	De xaneiro a decembro cunha veda de marzo a abril	Zonas de traballo, peirao e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	MSAS	De pta Moreiras ata punta Area das Pipas e de Praia Barrosa a punta Raeiros.	60	De xaneiro a decembro cunha veda entre marzo e xuño	Peiraos de San Vicente e Meloxo. Lonxa de O Grove
C.P. Vigo	A pé MA MSAS	De punta Lagoa a praia de Area Longa (excluída) e de punta de Alcobre a praia de Abra (excluída)	5 a pé 60 M	De xaneiro a decembro cunha veda de dous meses en marzo e abril agás en Cabo de Mar. En Cabo de Mar a veda será en maio e xuño	Zona de traballo, lonxa de Canido e lonxa de Vigo

(1)Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores/as	MSAS	Mergullo con subministro de aire desde superficie



Cadro G: plans de xestión de poliquetos

Provincia de Lugo

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. San Cosme	A pé	Am	Bancos de Fondás e O Taro	80	De xaneiro a decembro	Fondás, Estaleiro e saída do Taro

Provincia da Coruña

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. Fonte de Santa Helena de Baldaio	A pé	Am	Lagoa externa de Baldaio	80	De xaneiro a decembro	Caseta de Fonte Santa Helena
C.P. A Coruña	A pé MSAS	Am Li	Pedra do Sal; Leira (campo de Fútbol); Leira; Leira, (entre Leira e Caión) (praia da Salseira); Barrañán (o Relojero); Balcobo Pequeno (praia de Balcobo Pequeno ata Pedra Herba); Ripibello; Os Castelos; Praia de Sabón (A Térmica); Suevos (porto de Suevos ata a fábrica Artabra); Bens (praia da Refinería); Bens (Illa Redonda); O Portiño; Riazor/Orzan; San Amaro; Bastiagueiro Pequeno	155	De xaneiro a decembro	Porto de Suevos, Puerto de Oza e Fábrica Ártabra
C.P. Camelle, Corme, Laxe e Malpica (plan conxunto)	A pé MA MSAS	Li	De punta Gallada á Pedra do Sal, agás as praias de Laxe, as illas Sisargas e as Lagoas de Baldaio	170	De xaneiro a decembro	Rampa do porto de Corme e caseta información turística A Carballa
C.P. Lira	A pé	Li Hd Am	Da desembocadura do río Larada ata punta Insua	130	De xaneiro a decembro	Peirao de Lira
C.P. Lira	MSAS	Li	Da desembocadura do río Larada a punta Insua	70	De abril a outubro	Peirao de Lira
C.P. Miño	A pé	Am Hd Li Dn	De punta Carboeira ata a marxe dereita da desembocadura do río Mandeo na ponte do Pedrido	220	De xaneiro a decembro	Porto-praia pequena de Miño



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Muros	MA MSAS	Am Hd Li Dn	De punta Insua a punta Uhía	150	De xaneiro a decembro	Rampa do Castillo, rampa dos bateiros e Ancladoiro
C.P. O Pindo	A pé	Am Dn Hd Li	Desembocadura do río Larada ata a desembocadura do río Xallas. Praias de Area Branca, Lires, O Rostro, Mar de Fóra e Arnela	195	De xaneiro a decembro	Porto do Pindo, praia do Rostro e Porto de Portocubelo
C.P. Porto do Son	A pé	Li	Entre punta Cabeiro e río Sieira.	100	De xaneiro a decembro	Praia de Cabeiro, peirao de Porto do Son, praia Arnela, praia de Arealonga, Porcalleira e río Sieira.
C.P. Porto do Son	MA MSAS	Li	Entre punta Cabeiro e río Sieira	135	De xaneiro a decembro	Rampa do peirao de Porto do Son

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Aldán-Hío	A pé	Am Dn Hd Li	De punta Couso a punta Morcegos cara ó interior da ría de Aldán	36	De xaneiro a decembro	Lonxa de Aldán
C.P. Cambados	A pé	Am Dn Hd	Desde a desembocadura do río Umia ata o Rego do Alcalde	180	De xaneiro a decembro	Galpón de Ribeira da Mouta e lonxa e Tragove
C.P. Cangas	MA MSAS	Li	De praia do Sinal a punta Vixia	80	De xaneiro a decembro	Rampa da lonxa de Cangas
C.P. O Grove	A pé	Am Dn Hd Li	Meloxo (de peirao de Meloxo a praia Lavandeira), Ardía (de punta Antarde e as Morrasas) e Vilalonga-Dena-Castrolo (de punta Fianteira e punta de Couto de Abaixo), de punta Faxilda e punta Colmado, de punta Con da Con de Aguieira a punta Raeiros, de Con do Cavernal e punta das Pozas	180	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo e lonxa de O Grove.



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Portonovo	A pé	Li	Praia Faxilda (ou Pociñas); praia de Pragueira; praia de Bascuas; praia de Montalvo; praia Canelas	180	De xaneiro a decembro	Instalacións da confraría e praia de Bascuas
C.P. Redondela	A pé	Dn Hd	A Portela (de Punta Monte Gordo a Punta do Socorro) praia de Barra, A Telleira.	150	De xaneiro a decembro	Lonxa de Cesantes
C.P. Sanxenxo	A pé	Li	Praias de Pampaido, Area da Adra, das Areas, de Nanín, de Barreiro, de Carabuxeira e de Silgar	168	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo
C.P. Vigo	A pé	Am Dn Hd	Bancos intermareais entre o puntal da Serra e praia de Arealonga (excluída)	100	De marzo a decembro	Zonas de traballo e lonxas de Canido e Vigo
C.P. Vilaboa	A pé	Am Dn Hd	Cabalo, Deilán, Río Maior, San Adrián (norte)	50	De xaneiro a decembro	Peirao de Santa Cristina de Cobres
C.P. Vilanova	MA	Dn	As Sinas, Con Grande, Carballas e Negrenlas.	74	De marzo a outubro	Embarcación na zona de traballo e lonxa de Vilanova

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores/as	MSAS	Mergullo con subministro de aire desde superficie

(3) Especies:		
Abreviatura	Nome científico	Nome común
Am	<i>Arenicola marina</i>	Mangón, miñoca de area
Dn	<i>Diopatra neapolitana</i>	Miñoca de tubo, casulo
Hd	<i>Hediste diversicolor</i>	Miñoca,
Li	<i>Lumbrineris impatiens</i>	Gabián